




Galicia Galicia Galicia!



Feijóo preséntase ás eleccións do 25 de setembro “como militante de Galicia” para servir ao seu pobo coa estabilidade que permite “acadar as metas que todos temos en común”

Despois de combater a crise xunto ao seu pobo, Alberto Núñez Feijóo sinala que trata de demostrar a paixón polo que fai “dando o máximo de min mesmo cada día” | Di que non se presenta para vencer a ningún adversario senón para servir a Galicia | Quere a estabilidade e a responsabilidade que falta na situación política actual pero que Galicia si tivo estes anos Entrevista. Páx. 2-3



QUEN É CATA?

Esta e outras moitas respostas podes atopalas no interior

Páx. 2-3



PRESUME DE GALICIA

Hai moitas razóns para estar orgullosos da nosa terra e ter esperanza

Páx. 4-5



A GALICIA QUE TI QUERES

Feijóo percorre Galicia para conversar de ti a ti cos veciños

Páx. 8-9



VAIA LÍO!

Nin se resolve nin resolve nada... pero entretén

Páx. 10-11



“Combatín a crise xunto ao meu pobo e véxome con máis capacidade que nunca”



“Preséntome para axudar ao noso país porque sei o que é gobernar Galicia, non para andar nos ‘líos’ doutros partidos ou simplemente vencelos”, afirma Alberto Núñez Feijóo, candidato do PPdeG ás eleccións do 25-S

Feijóo, antes de percorrer Nigrán en bici con Carmen Villar, xubilada de 69 anos.

Por que os galegos teñen que volver confiar en Feijóo?

Porque son un deles. Combatín a crise xunto ao meu pobo e agora quero para Galicia o mesmo que eles queren: máis emprego, maior benestar e maiores fortalezas e oportunidades. Creo, con toda humildade, que axudei para mellorar as cousas pero hai que demostralo con feitos e teño un balance que podo presentar. Tamén, e sobre todo, sinto paixón polo que fago. Trato de mostrala cada día dando o máximo de min mesmo.

Que poden esperar os galegos despois destes oito anos?

Os galegos saben o que poden esperar de min e eu sei ben o que é gobernar Galicia. Por iso preséntome, nada que ver con andar en “líos” de partido ou en “líos” con outros partidos. Estou aquí para estar ao que hai que estar e nada máis. Para ofrecerlles aos galegos un proxecto que sirva de punto de encontro dos obxectivos que temos en común.

O marco político dos últimos comicios afástase das maiorías absolutas, pero vostede está convencido de que Galicia será una excepción. Por que?

O obxectivo de que Galicia teña unha maioría estable vai máis aló das metas que se pode pór un partido de cara a unhas eleccións. Creo que é algo que quere a inmensa maioría dos cidadáns porque un goberno estable é bo para todos. Esa excepción de estabilidade

percíbimola en Galicia. Aquí puidemos presentar presupostos en tempo, eliminar e baixar impostos, aumentar políticas sociais... mentres en España hai un bloqueo político ou hai inestabilidade noutras administracións. Sei que o obxectivo é moi difícil porque supón ser unha excepción respecto ao resto de comunidades. Pero Galicia xa o foi estes anos e foille ben. Merece a pena seguir séndoo.

Que diferenzas hai entre a Galicia de 2009, a cuxo goberno accedeu un 18 de abril, e a Galicia actual?

A principal, o futuro. O futuro da Galicia de 2009 era incerto: orzamentos cada vez máis pequenos con retos cada vez máis grandes. Máis paro, descenso do PIB e familias que perderan o máis importante: a esperanza. O futuro hoxe está marcado polo presente que vivimos: creación de emprego, crecemento e unha situación das arcas públicas máis solvente que xa estamos destinando ás familias. Os obxectivos non están todos conseguidos, pero en 2009 todos pensabamos que iríamos a peor e creo que neste 2016 a maioría dos cidadáns temos a certeza de que seguiremos mellorando se seguimos pola mesma liña.

Que destacaría desde 2012, na segunda lexislatura?

Comezamos a recoller os froitos, xa que se iniciou a recuperación dos principais sectores produtivos estratégicos, como a automoción, o naval ou o turismo, e abrímonos a outros

novos como o aeronáutico. Todo iso trouxo consigo a mellor noticia posible, a que todos esperabamos, que é a recuperación do emprego, xa que o paro se sitúa por primeira vez desde 2009 por debaixo das 200.000 persoas. Non son poucas, pero si moitas menos que hai catro anos, e sobre todo implican un bo punto de partida para afrontar o horizonte 2020.

Cales serían os retos da terceira lexislatura, en caso de repetir no goberno?

Hai unha aposta decidida polo futuro para mellorar o presente. Ese futuro son os rapaces e os mozos e é tamén a innovación para anticipar os nosos sectores ás novas realidades. Teño a aspiración de que a innovación sexa unha das marcas de Galicia e tamén que sexamos o mellor lugar para ser nena ou neno. Pero tamén sabemos que non basta coa axuda aos fillos. Sabemos que o emprego, a estabilidade económica e os servizos públicos son fundamentais para os seus pais e nais, como o son para os seus avós e tamén para que as mozas e mozos teñan unha terra que dea certezas ás súas aspiracións.

Cre que hai algunha alternativa real de goberno para Galicia á marxe do PPdeG ou as eleccións van ser un todos contra Feijóo?

Todo indica que as opcións quedan reducidas a que o proxecto que represento acade unha maioría estable para Galicia ou que ao resto de partidos lles saian as contas para sumarse contra o

que gañe, sen saberse ben nin quen, nin como, nin para que gobernarían. O único que une os seus discursos é dicir que queren que Feijóo non governe. A min, que sei o que é gobernar Galicia, apéname que unha honra tan inmensa como presidir Galicia quede reducida a unha motivación tan cativa. Presidirla non é vencer un adversario político senón buscar cada día co teu máximo esforzo como axudar a máis galegas e galegos e ao teu país.

Despois de dúas lexislaturas na presidencia de Galicia, en que mudou o Alberto Núñez Feijóo político?

A experiencia dá serenidade e templanza. Creo que teño a mesma ilusión pero véxome con máis capacidade para gobernar que cando cheguei. Tamén acudo ás urnas doutro xeito. En 2009 era un aspirante máis dun partido e despois de toda esta experiencia, con todo o vivido xunto ao meu pobo, síntome máis un militante de Galicia que se pon a disposición das galegas e os galegos.

Cal foi a situación máis dura e a máis agradecida destes anos?

Nada é comparable á dor de todo un pobo polo accidente ferroviario de Santiago de Compostela. O máis agradecido é poñerlle cara á xente que sae das listas do paro, que crea unha peme ou que é atendida nun novo centro de saúde público. A gran satisfacción é a suma de moitas pequenas satisfaccións fogar a fogar, familia a familia.

Feijóo en 25 preguntas



UN CONSELLO DOS SEUS PAIS QUE NUNCA ESQUECERÁ. Ser honrado e ter palabra.

CASADO CON GALICIA, PERO GALICIA NON DÁ FILLOS NIN, POR TANTO, NETOS. Como en tantas outras cousas, miña nai (que é a autora desa frase) tiña razón. En todo caso, intento non renunciar ás cousas importantes así que xa veremos como acaba.

REMATE A FRASE: OS PEARES É ... O lugar onde aprendín a querer Galicia.

OURENSE É ... A miña provincia de partida. Por iso vai sempre comigo.

GALICIA É ... Galicia é todo porque é o meu pasado, o meu presente e o meu futuro.

ESPAÑA É ... Unha das principais nacións do mundo da que formo parte sendo galgo.

EUROPA É ... Unha grande obra colectiva que se inspirou nunha ruta de peregrinación que conduce a Galicia, a Compostela.

“Gústanme os libros de García Márquez e a música de Aute”

OS PEARES, OURENSE, LEÓN, SANTIAGO, VIGO OU MADRID. Se Sabina non cambia París pola súa aldea, eu tampouco cambio a miña por nada.

FEITO CONTEMPORÁNEO QUE MÁIS ADMIRA E DETESTA. Admiro a Transición que permitiu acordos entre formas de pensar tan

diversas. Detesto o terrorismo que é xustamente o contrario expresado de forma extrema, como está a facer o ISIS.

REMATE A FRASE: “A POLÍTICA É...” Unha vocación que permite facer posible cousas imprescindibles para moita xente.

“Devezo polos ovos fritos con patacas e as xoubas con pementos”

UN SEGREDO PARA RELAXARSE E DESCONECTAR. Tento correr tres días á semana á hora de comer. É unha actividade que me permite desconectar e é o máis sinxelo tendo en conta as miñas limitacións de tempo.

UNHA MANÍA. Repróchanme con frecuencia que non son capaz de desconectar dos correos do móbil.

PRINCIPAIS AFECCIÓNS. Leo moito no traballo e, por iso, nos últimos anos os ratos libres que teño adoito encheos indo ao cine e conducindo polas beiras das rías.

LUGAR PREFERIDO PARA PERDERSE. O que máis me gusta é escapar coa familia á Ribeira Sacra onde crecín.

LIBRO PREFERIDO. Calquera de García Márquez. Se tivese que escoller, quedaríame con *Cien años de soledad* ou *Vivir para contarla*, as súas memorias.

UNHA PELÍCULA INESQUECIBLE. Érase unha vez América, de Sergio Leone.

QUE MÚSICA ESCOITA. Con tantas eleccións nos últimos meses, a canción que máis escoitei ultimamente foi a da sintonía do meu partido. En clave persoal, gústame escoitar calquera de Aute.

CUALIDADE QUE MÁIS VALORA E DETESTA NUNHA PERSOA. Valoro a honestidade e a lealdade. Detesto a soberbia.


O SEU PRATO PREFERIDO. Os ovos fritos con patacas e as xoubas con pementos.

A SÚA CITA FAVORITA. “No me dé leccións de ser galgo”, que lle dixó Fraga a un senador nacionalista. En efecto, ninguén debería dalas.

“Como sempre a miña nai tiña razón”

O QUE MÁIS E O QUE MENOS LLE GUSTA DA POLÍTICA. O máis agradecido é constatar que unha decisión túa serviu para axudar a un desempleado, a unha familia en apuros, a un mozo, a unha persoa que a precisaba. Se iso ocorre, calquera amargor xa valeu a pena. Pola contra, lamento profundamente a frivolidade actual e o interese por que o efectismo substitúa as ideas.

FEITO HISTÓRICO QUE MÁIS ADMIRA E DETESTA. Sempre me atraeu a capacidade de Marco Polo por abrir horizontes e non poñerse límites. E, porque tampouco houbo límites, a 2ª Guerra Mundial é un feito histórico que me provoca unha enorme desazón.



La fotografía de su despacho

Pese a que son miles las instantáneas que le tomaron en los últimos años, Feijóo mantiene en su despacho la primera que colocó tras tomar posesión en la Xunta. Es una foto de su padre, Saturnino, fallecido recientemente, quien lo felicita emocionado después de ser elegido presidente por el Parlamento gallego. La fecha de su fallecimiento, el 18 de julio de 2016, y el día que ganó en Galicia por primera vez, el 1 de marzo de 2009, son dos días que nunca olvidará.


Su corbata favorita

La que le regaló su actual pareja.



Su mascota

Se llama Cata y es la segunda schnauzer miniatura que tiene. La primera, Camila, un regalo que le hizo el hoy alcalde de Noia porque nació el mismo día que se convirtió en presidente de la Xunta, murió prematuramente por una enfermedad congénita. El segundo ejemplar, por el momento, tiene una salud de hierro.





Galicia crece e innova por tierra, mar y aire



Feijóo en la sede central de PSA (París)

Automoción

Dos nuevos modelos adjudicados a la fábrica viguesa que garantizan una década a pleno rendimiento.

3.000 M€ de inversión en la industria auxiliar, de la que dependen cientos de empleos indirectos.

Creación de 1.000 puestos de trabajo en la factoría viguesa en el último año.



Entrega de las jackets, astillero de Navantia Ferrol-Fene

Naval

En la actualidad, Galicia tiene 20 buques en cartera en sus astilleros, más del doble que en 2014, desde el encargo de los floteles de Pemex.

Pedidos por valor de 2.300 M€.

Construcción del primer parque eólico marino flotante del mundo.



Aeródromo de Rozas, Lugo

Aeronáutica

Nacimiento del polo tecnológico-industrial en Rozas (Lugo), referente mundial de aviones no tripulados.

Inversión de 150 M€ en este proyecto pionero en España.

Desarrollo de tecnologías que serán útiles para resolver problemas concretos de Galicia, como el furtivismo o el control forestal.

La Comunidad gallega crece de forma sostenida desde 2013. Este año ha registrado un crecimiento cercano al 3% entre los meses de enero y marzo. El aumento de la capacidad innovadora ha sido clave en las principales operaciones económicas cerradas en los últimos meses en Galicia, como la adjudicación de nuevos modelos automovilísticos a la fábrica de PSA Citroen en Vigo, los nuevos encargos a los astilleros o el impulso al Parque Aeronáutico de Rozas, en Lugo.

Las previsiones apuntan a que estas cifras de crecimiento en el primer trimestre de 2016 seguirán incrementándose en lo que resta de ejercicio gracias a la apuesta de la Xunta por situar a Galicia en la vanguardia de la innovación por tierra, mar y aire. Estos proyectos se enmarcan dentro de la apuesta general del actual Gobierno gallego por la innovación, para que la Galicia del futuro pueda destacar en el mundo globalizado.

Galicia, el mejor sitio para nacer y para vivir

Galicia se ha convertido en la comunidad con mayores apoyos públicos a las familias que deciden tener una hija o un hijo

Es mucho mejor ser niña o niño en Galicia que en cualquier otra autonomía. Así lo demuestra el calendario de vacunas más completo de toda España, los 1.200 euros/año para ayuda por nuevo bebé, las más de 20.500 plazas en escuelas infantiles, las ayudas para pagarlas en caso de no conseguir plaza pública o el incremento en número de plazas de comedor, entre otras. La reducción de la tasa de abandono escolar también es contundente. Tenemos el mayor número de profesores por alumno de España, más tecnología y más plurilingüismo.



Impostos: meu dito, meu feito

- 1** En Galicia o 99% dos cidadáns non teñen que pagar o imposto de sucesións porque agora só se tributa por herdanzas a partir de 400.000 €.
- 2** As rebaixas fiscais deste 2016 permiten aos galegos deixar de pagar en impostos 140M€ cada ano.
- 3** Os emprendedores galegos recibiron nos últimos 7 anos máis axudas da Xunta que en toda a historia da Autonomía.
- 4** En Galicia non se paga nin un só euro en impostos por mercar ou permutar parcelas no rural.



Un respeto a las canas

Antes de que los partidos de la oposición vuelvan a repetir el mantra de que el PPdeG gana las elecciones gracias al voto de las personas mayores o incluso de que lleguemos a leer en las redes el deseo de alguno diciendo que “los viejos no deberían votar” o “a ver si se mueren”, resulta conveniente ahorrarles la pataleta. Por este motivo, dado que nos encontramos a las puertas de unas elecciones autonómicas, es importante recordar que en democracia cada uno vota lo que quiere, sin que, por suerte, ello conlleve ninguna clase de castigo.

Lo que somos, lo que tenemos, es también gracias a los que han peleado, trabajado y cotizado antes que nosotros

Porque, por mucho que les pese, el próximo 25 de septiembre los abuelos de Galicia van a ejercer su derecho al voto sin temor a represalias. No es que el voto de una persona mayor valga más que el de quien aún tiene todo por demostrar, pero lo que es indiscutible es que tampoco vale menos, como parecen querer algunos.

Que siquiera a alguien se le pase por la cabeza silenciar en las urnas la voz de todos los que construyeron nuestras instituciones y nuestro Estado del Bienestar no sólo es ruin, sino también enormemente desagradecido. Lo que somos, lo que tenemos, es también gracias a los que han peleado, trabajado y cotizado antes que nosotros. Todos deberíamos reconocer su esfuerzo, aunque solo sea porque entre su legado está también la libertad de expresión que permite verbalizar necesidades como las que inician estas líneas.

Por fortuna, para la mayoría de las gallegas y de los gallegos la opinión de nuestros mayores sí cuenta. Vote a quien vote. Esa es la mayoría que representa el Partido Popular.

[@somosxabarins](#)

La herencia recibida

La Comunidad gallega aprobó este 2016 la mayor rebaja fiscal de su historia con medidas en todos los ámbitos

Los gallegos ya no tendremos que abonar nada por aquello que nos dejen nuestros padres o abuelos

En Galicia se pagaba por heredar, sí. Pero ya no. Es verdad que hay grandes patrimonios que aún tendrán que hacer un esfuerzo cuando reciban bienes de un valor notable –por encima de los 400.000 euros– y así debe ser por el futuro del Estado del Bienestar, que conviene preservar por encima de todo. Pero lo importante es que el común de los mortales, que en el caso

de los gallegos somos el 99 por ciento, ya no tendrá que abonar nada por aquello que le dejen sus padres o sus abuelos. Ni ellos tendrán que preocuparse por esto.

Nuestros familiares más cercanos nos legarán –ojalá que sea lo más tarde posible– su casa en la aldea, su finca, su piso, sus ahorros, y no pagaremos un solo euro. La medida es justa porque, seguro que con mucho esfuerzo en la mayor parte de los casos, padres y abuelos ya han tributado antes por esos bienes, ya abonaron las cargas fiscales inherentes a esas propieda-

des y lo suyo es que no tengamos que hacerlo por segunda vez.

Es verdad que durante su mandato Alberto Núñez Feijóo redujo el IRPF dos veces a las rentas más bajas, que se redujeron los tributos a la vivienda para los jóvenes y familias numerosas, que se eliminaron los impuestos en el rural para comprar, agrupar y permutar parcelas, o que se aprobaron incentivos para los emprendedores, pero haber desterrado las cargas sobre las herencias de las gallegas y los gallegos constituye una medida de un calado excepcional.

Seguro que che interesa ...

... estase a renovar a tecnoloxía de todos os hospitais públicos para que a aparataxe empregada polos profesionais estea á vangarda.

... pódese elixir libremente médico de familia, pediatra, enfermeiro e centro hospitalario.

... os pacientes con patoloxías moi graves son operados en menos de 20 días.

... hai un 78% máis de prazas públicas para servizos sociais (residencias, centros de día...) que cando non había crise.

... estanse atendendo agora máis do triplo de dependentes que cando non había crise e a maioría dos servizos préstanos profesionais.

... complementáanse as pensións non contributivas e esta axuda é ademais a máis alta do Estado.



Escoitar e facer

#FeijóoEnCamiño
Galicia está xa nun escenario de crecemento porque se cumpriron os compromisos que nos propuxeron as propias galegas e galegos

A acción de goberno só ten sentido cando é froito dunha escoita activa. A Galicia que medra en emprego, en sanidade ou en servizos sociais e que aposta polos seus sectores estratéxicos, como o rural, a pesca e o marisqueo é o resultado de escoitar aos galegos todos os días. Os seus problemas, as súas preocupacións, as súas reivindicacións, as súas inquedanzas e os seus soños.

Podes ver máis propostas e imaxes en www.feijoo.gal



Jenifer Suárez

Galicia, unha potencia no mar que defende o seu liderado

Ten 23 anos e xa é patroa de barco, concretamente do Noeta Primero. Chámase Jenifer e coincidiu con Feijóo cando o Faladoiro chegou a Fisterra. Por suposto, esa tarde o mar acaparou as conversas.

As cotas de pesca en Galicia aumentaron nun 13% en cantidade e nun 55% en valor nesta lexislatura e os ingresos por marisqueo subiron un 24%

+ 13% cota pesca




Francisco Martínez

A importancia de axudar as familias que deciden ter fillos

Francisco Martínez, carrexador de 35 anos, é pai de dous fillos. O maior chámase Eloy e ten 3 anos. A pequena, Clara, de seis meses, veu segundo Francisco cun pan debaixo do brazo grazas ao apoio á natalidade do Goberno galego.


Galicia, o lugar que máis apoia as nais e pais cun Plan de Natalidade que inclúe unha Tarxeta Benvida de cen euros mensuais para a manutención do bebé

100€ mes/fillo



Marga Ponte, 54 anos

“No quero que en Galicia nos pase lo mismo que estamos viviendo en España. El bloqueo y los líos no llevan a ninguna parte. De los políticos espero soluciones, no más problemas”



José Varela, 37 anos

“En las generales voté a Ciudadanos porque me ilusionaba pero no sé si volveré a hacerlo. Lo que sí tengo claro es que en Galicia no tiene mucho sentido. Aquí voto a Feijóo”



María Rodríguez

A carteira de servizos sociais medra para servir as persoas

María Rodríguez Vázquez, de 88 anos, solicitou a Feijóo en Baltar que axilizase a apertura do Centro de Día, ademais de melloras no cemiterio.

Na actualidade, en Galicia hai un 78% máis de prazas públicas para servizos sociais (residencias, centros de día...) que cando non había crise

78% + de prazas



Jesús Manuel

Un territorio que precisa concentrar para seguir crescendo

Jesús Manuel está xubilado e compartiu as súas inquedanzas con Feijóo. Pedíulle que acelerase as concentracións parcelarias que está a impulsar a Xunta.

A Comunidade galega vai realizar este ano un importante investimento para levar a cabo a concentración parcelaria das propiedades de case 30.000 familias

30.000 familias




Tania Blanco

A mocidade galega aposta cada vez máis polo rural

Tania Blanco, empresaria forestal de 23 anos, falou con Feijóo en Piñor sobre as medidas de ordenación forestal, o programa de "impostos cero" no rural, a supresión do imposto de sucesións e o plan para plantar un millón de castiñeiros.


Cada vez máis mozos queren incorporarse a unha actividade agraria en Galicia: en 2016 xa houbo o triplo de solicitudes que o ano anterior

Rural: "impostos cero"



Edelmiro Véloso "Miro", 72 anos

"Pedínlle a Feijóo que seguise facendo o posible para que o rural saíse adiante. Gustaríame que os meus netos puidesen traballar aquí como o fixen eu"



Alberto Rodríguez, 28 anos

"Ter un fillo debería ser un motivo de felicidade e non de preocupacións. É importante que teñamos axudas para formar unha familia, e todas son benvidas"



Fisterra

Feijóo conversa de ti a ti cos galegos no Faladoiro

Desde o inicio do verán, Feijóo percorre Galicia para coñecer en primeira persoa as propostas e reivindicacións dos galegos

A iniciativa consiste en levar o Parlamento á rúa cun escano azul, chamado "Faladoiro", que os veciños dos diferentes concellos comparten co candidato do PPdeG á Presidencia da Xunta.

to aberto como símbolo do achegamento entre a política e o conxunto da cidadanía, e nun escenario de conversa e escoita activa.

Durante o percorrido do Faladoiro polos parques e prazas da xeografía galega, centos de persoas poden expresar as súas ideas e inquedanzas. Deste xeito, o Faladoiro convértese nun punto de encontro coa veciñanza sen atravesar nin intermediarios, nun Parlamen-

to aberto como símbolo do achegamento entre a política e o conxunto da cidadanía, e nun escenario de conversa e escoita activa. As demandas que nos trasladaron os cidadáns tiveron en conta para elaborar o programa electoral do PPdeG ás eleccións do 25-S, para así poder seguir construíndo a Galicia que queren os galegos. Os galegos tamén poden seguir o camiño do Faladoiro a través das redes sociais de Feijóo.



Nigrán

Foi ao chegar a Nigrán cando Feijóo subiu á bicicleta de Suso "Serrinchín", xubilado do mar de 63 anos. Da bici saía o son dalgunha emisora radiofónica e os veciños non tardaron en localizar a procedencia. Era un pequeno transistor que o seu dono tiña acoplado debaixo do guidador. "Atopeino no punto limpo de Nigrán", explicou Suso. "Así me gusta, iso tamén é contribuir ao medio ambiente", dixo Feijóo.



Sanxenxo



Combarro

Foi o momento estelar da visita a Porqueira e unha das imaxes máis simpáticas do Faladoiro. Estaba Feijóo falando con Rudesindo, de 97 anos, o veciño con máis idade do concello, cando Benita, de 86, sentou nas pernas do candidato provocando as risas de todos os que estaban ao redor.



Porqueira



Ferrolterra



Lobios

Anecdótico

Antón Cabeza, de 6 anos, sentou no Faladoiro con Feijóo e fixo, moi seguro, as súas peticións para mellorar Ordes: unha gardería nova, máis zonas verdes e un parque totalmente cuberto para o inverno. Feijóo mirou con orgullo para o neno e dixo: "Isto si que é un exercicio reivindicativo"

Lucía, unha rapaza de Lobios, non vacilou o máis mínimo cando tomou asento no Faladoiro e afirmou que sería alcaldesa do seu Concello. "E eu votareite", respondeu Feijóo ante tan contundente vocación de servizo público.

Delfín Castro, coñecido en Os Blancos como "Castellano", sitouse a carón do Faladoiro ocupado por Feijóo mentres os veciños formaban un círculo que deu lugar a unha conversa moi animada. Nun momento da charla, "Castellano" espetou: "Vostede é presidente e non sabe o que é unha vaca verde?". "Que é unha vaca verde?", preguntou Feijóo. "O leite con 'menta' que almorzo todos os días", respondeu.



Foz



Salnés



Os Blancos



Pontecesures

En Pontecesures, Feijóo subiu á bici de Lois Fernández, estudante de 4º da ESO. Pouco despois botou unha carreira con Fernando Túñez, de 16 anos, Júnior, de 11, e Álvaro Dopazo, de 16. Ao remate da pequena volta ciclista, as reaccións non se fixeron agardar: "Polo peirao dáballa bastante caña, pasounos a todos", dixo Fernando. "Anda ben de pernas", corroborou Álvaro Dopazo.



Fene

Galegos coma nós

Fernando, de 20 anos, estudante de ADE, é tan galego como José Antonio, mariñeiro xubilado da pesca do bacallau. Carmen Villar, xubilada de 69 anos como empregada do fogar, é tan galega como "Costureiro", chamado así desde hai tres xeracións porque o seu avó casara coa costureira de Fisterra. Os galegos non precisamos enfrontarnos a ninguén nin que nos repartan carnés para termos moi claro o que somos





Éche o que hai

La Voz de Galicia
Galicia alcanza en julio los 973.973 cotizantes, la cifra más alta en un lustro
• El número de parados en la comunidad baja por primera vez de 200.000 en siete años

ANA BALBUENA, Madrid | La Voz, 09 de agosto de 2016. Actualizado a las 16:00h. ★★★★★ 2 votos

FARO DE VIGO
Galicia rebasa en 2015 su récord histórico exportador con Pontevedra de locomotora
La industria metalúrgica y pesquera súper las ventas al exterior a los 18.830,9 millones -Es la cuarta comunidad con mejor balanza comercial tras aumentar el comercio un 5,6%

Lara Graña | Vigo | 19.02.2016 | 09:00

La Región
CONGRESO DEL PPDEG
El PPdeG refrenda con el 97,8% de los votos el liderazgo de Feijóo
El presidente de los populares gallegos inicia su cuarto mandato con una renovación del comité ejecutivo del partido del 44,6% para afrontar la campaña electoral que le permita seguir en la Xunta

Diario de Pontevedra
Las tasas universitarias, congeladas por cuarto año consecutivo
La Xunta mantendrá invariables las matrículas y los precios de los máster, lo que permitirá a las familias un ahorro anual de 25 millones

El Ideal Gallego
La Xunta aplicará desde el 1 de enero la mayor bajada de impuestos de Galicia
La Xunta de Galicia aplicará desde el próximo 1 de enero la mayor bajada de impuestos de la historia de la comunidad autónoma. Esta rebaja fiscal forma parte .

La Opinión
A Coruña
Más de 1.200 agricultores se benefician del plan impuestos cero para el rural
Redacción | Santiago | 07.06.2016 | 01:10

Atlántico
VIGO
Los municipios de costa afrontan la superpoblación de un verano récord
Los concellos de zonas como Val Miñor o Morrazo incrementan la inversión en servicios cuya demanda se dispara

elCorreoGallego.es
Triple alianza de la Xunta con concellos y ONG para luchar contra la pobreza
Su objetivo es la coordinación entre instituciones y colaborar en la ayuda a familias con dificultades

16 GALICIA
Podemos, al borde de llegar a las manos
Un alia a la líder del partido y un crítico fueron separados por compañeros en la reunión del jueves para evitar una pelea ▶ El ambiente interno se fractura en medio del debate sobre unirse a la Marea

102 GALICIA
Beiras, sobre sus socios: «Deberían ponerse un candado en la boca»
▶ El líder de Ansova pide reformular la coalición En Marea con una mayor presencia nacionalista

GALICIA
La dirección de Podemos anula la pregunta a las bases gallegas sobre su alianza electoral
Echenique suspende una redacción que solo permitía desvelar si rechazan unirse a la Marea ▶ Esta fue pactada entre Santos y los críticos, pero la secretaria general se desmarcó

EL PROGRESO
El pacto de integración agrava la brecha de Podemos y pone en jaque a Santos
▶ La dirigente replica que cumplió con las directrices de gestas y reivindica la cesión para que Villares sea el candidato

PSG PSOE
Xoaquín Leiceaga advierte contra las "peleas internas interminables"

61 GALICIA | Martes, 12 de julio del 2016 | La Voz de Galicia
Guerra abierta en el PSdeG por los escaños
La vieja guardia responde a la pretensión de Leiceaga de renovar a fondo las listas electorales acusando al candidato de querer «poñer unicamente aos seus amigos»

22 GALICIA
FARO DE VIGO
La UPG pide al BNG "no venderse por un plato de lentejas" al "abrazo del oso" de En Marea
García Negro, diputada del Bloque 12 años, acusa a Podemos de querer "liquidar" a su formación con la ayuda de Beiras ▶ Sostiene que la elección es "ser central o sucursal"

BNG
El Bloque admite el "fracaso" de su plan para ampliar el proyecto nacionalista
Reconoce las dificultades para revitalizarse a nivel interno y formar cuadros

C's
Ciudadanos también descarta apoyar a Soraya y reconoce que vería con buenos ojos a Feijoo en Moncloa
▶ El presidente de la Xunta cree que se trata de una estrategia para tratar de dividir al partido. Juan Carlos Girauta, candidato de C's por Barcelona, también pone sobre la mesa los nombres de Cristina Cifuentes, Pablo Casado o los ministros en funciones Ana Pastor y Alfonso Alonso

Agencias, 17 de junio de 2016. Actualizado a las 20:07h. ★★★★★





E	A	E	U	E	N	C	P	R	A	R	A	D
Q	S	R	C	Q	S	C	E	U	P	G	E	E
Q	C	Q	E	A	A	I	A	L	S	C	U	A
L	N	E	U	O	I	U	M	A	R	E	A	S
E	A	N	R	E	Q	D	C	E	I	V	N	O
A	D	N	D	N	R	A	L	D	M	S	U	N
P	O	E	O	O	A	D	R	C	H	Q	S	A
S	E	A	A	V	S	A	A	J	E	O	C	A
D	O	O	O	A	A	N	S	U	M	O	M	R
E	A	E	O	E	D	O	C	E	N	E	E	R
G	I	G	M	E	B	S	D	D	O	I	A	D
B	L	O	Q	U	E	O	L	O	D	O	D	O
M	I	B	A	O	P	S	D	O	P	A	E	A

Sopa de leas


- Un culebrón de intrigas e rivalidades ambientado entre Vigo, Santiago e Ferraz. [b2q6c](#)
- Para eles, calquera outra cousa é antigalega. [b1odn6](#)
- Que efecto produce ir nun bus por unha estrada chea de curvas mentres les noticias sobre liortas internas? [1q9169](#)
- Cesamentos por WhatsApp e ordes por Twitter. [boq6woz](#)
- Como quedaba mal "Beiras e os seus amigotes", decidiron poñerse un nome artístico. [v1o0as](#)
- Para expertos. Rupturistas dentro do rupturismo: romperon co Bloque, romperon con IU, romperon con AGE... para despois pedir a todos volver. [C6LUS](#)
- Unha revista de divulgación científica cunha E- diante. Ninguén sabía que se convertiran en partido. [E4dn0](#)
- Os discípulos dunha líder "insolidaria, ingrata e desleal", segundo o seu socio. [E2dn61q9 11q1q9](#)
- Propoñen a Feijóo como presidente de España pero se presentan contra el en Galicia. [C1rq9q9uo2](#)




Os grupos de WhatsApp ferven coa elección dos candidatos



RADIOGRAFÍA DO PENSAMENTO EN GALICIA





Contra o pensamento único

Se un abre Twitter, ve certa televisión ou escoita a determinados políticos, percibirá unha mensaxe machacona: toda a mocidade pensa o mesmo! Parecen querer dicirnos que a época da diversidade ideolóxica entre os máis novos xa rematou

Intentan convencernos de que os cerebros daqueles que teñen todo o futuro por diante son copias feitas a partir dun mesmo modelo. Que a xuventude é homoxénea, uniforme: unha masa.

Non é certo. Ao igual que entre as persoas de mediana idade ou entre os nosos maiores hai unha saudable variedade de ideas, entre as mozas e mozos tamén hai socialdemócratas, afíns ao populismo, conservadores, liberais... e así ata conformar unha rica paleta de visións do mundo. Non obstante, o bombardeo dos gurús do pensamento único tivo un efecto moi negativo para unha sociedade democrática como a nosa. Trasladou a mensaxe de que os que non comungamos con ese pensamento somos antisociais, que que-

remos fomentar as desigualdades e deixar sen oportunidades aos nosos compañeiros, que somos casta. Que somos nós, os que nadamos a contracorrente, quen temos a cabeza comida. "Es demasiado novo para pensar así", escoitaremos, como se as ideas, igual que as películas e videoxogos, tamén se clasificasen por idade recomendada. O resultado de todo isto é que moitas mozas e mozos con ideas diferentes prefiren calar nas discusións na clase ou no bar, razoar só na intimidade e expresarse politicamente só nas urnas, sen compartilo con ninguén.

O obxectivo do pensamento único é que todos vistamos igual, que escoitemos a mesma música, vexamos as mesmas películas e leamos os mesmos libros.

Queren que todos pensemos igual para que todos votemos igual. Queren crear unha xeración monocromática, de persoas que sexan ideoloxicamente idénticas.

Non podemos deixar que o consigan. As mozas e mozos galegos somos orixinais, inconformistas, rebeldes.

Temos a personalidade e o carácter necesarios para rebelarnos contra o pensamento único. Seguirán intentando tecer un saco ideolóxico no que meter a toda a nosa xeración. Nós seguiremos abríndolle buratos polos que fuxir da uniformidade. Diremos ben alto que non somos unha masa, senón que somos individuos: que pensamos distinto. [@somosxabarins](https://twitter.com/somosxabarins)

Contra os prexuízos

Os mozos confían no futuro do noso rural e solicitan empezar a traballar nel o triplo ca o ano pasado

Temos as taxas máis baixas de España e bolsas para que ninguén deixe a Universidade por motivos económicos

Hoxe hai moitas máis prazas públicas para garderías, centros de día e residencias que antes da crise

Somos a comunidade máis solidaria cos que o pasan mal: duplicamos as axudas e lideramos a loita contra os desafuzamentos

Galicia é unha das seis comunidades con maior produción científica e financia desde a Xunta a 700 investigadores

As nosas empresas nunca exportaran tanto como nos últimos tres anos, nos que bateron todos os récords

Síguenos online e participa en construír

A GALICIA QUE TI QUERES ❤️

www.feijoo.gal

[@FeijooGalicia](https://www.facebook.com/FeijooGalicia)

[@FeijooGalicia](https://twitter.com/FeijooGalicia) - [@ppdeg Galicia](https://twitter.com/ppdeg Galicia)

[#FeijooEnCamiño](https://twitter.com/FeijooEnCamiño)